Uxío Novoneyra (Parada do Courel, 1930 – Santiago de Compostela, 1999).

Uxío Novoneyra, considerado un dos poetas máis relevantes en lingua galega de todos os tempos, basea a súa obra na tradición e no popular, aínda que tamén emprega tonalidades vanguardistas nas que destaca o lirismo da palabra.

Fillo de labreqos, naceu na montaña lucense, en Parada do Courel, o 19 de xaneiro de 1930, e adicou a súa obra a inmortalizar a fermosa paisaxe da serra. Sendo estudante en Lugo coñeceu ao tamén poeta Manuel María, con quen frecuentou o trato de intelectuais da anterior xeración á deles, como Luís Pimentel, Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega ou Ramón Piñeiro.

Con 19 anos, Novoneyra trasládase a Madrid onde se matricula na Facultade de Filosofía e Letras. En 1951 regresa para facer o servizo militar, e entre 1953 e 1962 vive de novo no Courel, obrigado por unha doenza pulmonar que o tivo ás beiras da morte. Entre 1962 e 1966 volve a Madrid onde traballa na radio e na televisión. En 1973 casa con Elba Rei con quen tivo tres fillos que residirían entre O Courel e Lugo. Instálase definitivamente en Santiago de Compostela en 1983.

En 1955 publica o seu primeiro libro de poemas, Os Eidos, con prólogo de Ramón Piñeiro. Esta obra será continuada por Elexías do Courel e outros poemas (1966), en edición bilingüe, e Poemas caligráficos. En Muller pra lonxe reúne poemas de amor xa publicados e outros inéditos ilustrados con debuxos de Carlos Pardo Teixeiro e un epílogo de Claudio Rodríguez Fer. E así. ata completar unha extensa e variada obra.

Ademais da escribir narrativa para nenos e nenas, destaca a oralidade da súa poesía, que adquiría matices especiais cando o poeta a recitaba. Unha proba máis do seu compromiso co pobo e coa poesía popular, segundo afirma a Real Academia Galega.

O poeta foi elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, un cargo de ocupa ata o seu falecemento en outono de 1999. Novoneyra foi un poeta que se adicou íntegramente á súa obra, tendo presente sempre a preocupación pola comunicación co pobo.

Tanto en Os eidos como nas súas outras obras, Novoneyra é quen de facer experimentar ao lector sensacións visuais, auditivas ou anímicas mediante a combinación e repetición de fonemas.

A poesía de Novoneyra ten moi pouco que ver coa dos outros paisaxistas galegos. Novoneyra é un poeta silencioso, e os seus poemas van moito máis alá do texto. As pouquísimas palabras evocan dun modo máxico o mundo no que o ser humano está inmerso, designando as cousas para que estas aparezan perante nós. Non describe: evoca, invoca. E hai outro Novoneyra coral, heroico: o da "Letanía de Galicia" ou o do "Viet Nam Canto".

Estefanía García Bande
Eva Vázquez Torreiro
Patricia Méndez Asorey

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA dizo en ún di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA
bastr'os que calan din GALICIA
e saben sabemos

GALICIA da door chora á forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza

libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda

recóllote da TERRA estás mui fonda
recóllote do PUEBLO estás n'il toda
recóllote da HISTORIA estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa

Equipo de Normalización Lingüística
IES MELIDE
2009–2010

LETRAS GALEGAS 2010

ADICADAS A

UXÍO NOVONEYRA